

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

LISTA DE ASISTENTES

Beatriz Legerén Lago
Emma Torres Romay
Jose Rúas Araújo
Alberto Pena Rodríguez
Ana Belén Fernández Souto
Ana María Amorós Pons
Andrés Fraga Pérez
Carmen López De Aguilera Clemente
David Formoso Vázquez
Diana Ramahí Garcia
Erica Conde Vázquez
Fortunato Rodríguez Fernández
Iván Puentes Rivera
José Octavio Rodríguez Nieto
Juan Manuel Corbacho Valencia
Julia Fontenla Pedreira
Julinda Molares Cardoso
María Isabel Míguez González
Oswaldo García Crespo
Paulino Emilio Pérez Feijoo
Vicente Badenes Plá
Xosé Manuel Baamonde Silva
Pedro Pablo Gutiérrez

DESCULPAN AUSENCIA

Alberto Dafonte Gómez
Ana María Iglesias Álvarez
Luís Xabier Martínez Rolán
M^a Isabel Moreira Recamán
Carmen Maíz Bar
Talía Rodríguez Martelo

ASISTEN COMO INVITADOS

José Manuel López Fernández
Laura Miragaya López
Luís Emilio Fernández Santiago
Sergio Frade Fraga

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade que ten lugar o **26 de abril de 2021**, ás **13:15** horas en primeira convocatoria e as **13:45 horas** en segunda convocatoria na **Sala de Xuntas 1, con código de acceso vdpRmuri** da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de 07 de abril de 2021.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe do director.

O director informa do envío do escrito a investigación reclamando a revisión dos criterios da Producción Científica do ano 2020

3.- Aprobación, se procede, da proposta de POD do curso 2021-2022

O director pide desculpas polo apresurado a hora de facer o POD, xa que os prazos que nos dan son moi xustos.

A continuación cede a palabra a secretaria, que pasa a explicar os criterios seguidos para a elaboración do POD. En primeiro lugar, encaixar as solicitudes dos distintos colectivos docentes; en segundo lugar, aqueles que non enviaron solicitudes aplicáronselles os criterios do pasado curso. No caso dos profesores a tempo parcial tívose en conta que impartisen a súa docencia nos dous cuatrimestres; outro criterio foi a coherencia co perfil, sempre aplicando a orde de prelación que debemos ter en conta seguindo as normas para facer o POD.

O resultado é:

- 3 docentes asociados verán incrementada a súa docencia hasta a máxima capacidade – 180 horas- Octavio Rodríguez, Carmen Maíz e Susana Bastón.
- A posta en marcha do segundo curso do novo grado de Comunicación Audiovisual fai necesaria a saída a concurso dunha praza de asociado, cun perfil en “Dirección de fotografía”. O plan de promoción de investigadores acreditados, permite a posibilidade de sacar unha praza de axudante doutor, co perfil “Producción publicitaria en medios impresos” e “Publicidade, artes gráficas e tipografía”.
- Pero tamén é preciso acudir a lista de agarda para resolver a docencia pendente de varias materias. A dita docencia precisará de dúas persoas máis para que se poida cubrir toda a docencia do próximo curso.

A secretaria informa de que, debido a unhas inconsistencias detectadas, precisou facer, esta mesma mañá, unha modificación na docencia asignada á profesora Julinda Molares para que teña carga equilibrada na docencia dos dous cuatrimestres, tal e como figura nas normas da Universidade de Vigo con respecto aos contratos de asociados.

Ademais, e coa finalidade de non fragmentar, a materia de "Avaliación da eficacia publicitaria", retíranse as horas de esta materia que estaban na Lista de Agarda (2) aumentando as horas de Lista de Agarda (1).

Preséntase o plan con estes cambios.

Despois da revisión do plan por parte dos docentes, a profesora Emma Torres solicita que, no caso das materias do grao de Publicidade, que polas circunstancias tiveran que estar fraccionadas entre varios docentes, se faga un axuste nas materias por docente, de forma que encaixen cos grupos de clase nos que están divididas. De esta forma sería máis sinxelo a organización das mesmas.

Coméntaselle que se poderán facer ditas correccións se non implican cambio no reparto de horas dos docentes e cambios substanciais.

Dende a secretaría estívoise a traballar nos cambios solicitados. Para poder facer eses axustes desencáixanse as asignacións de horas a algúns docentes e a docencia das prazas. Tómase a decisión de non facer os axustes solicitados, xa que provocaría un mal maior.

Apróbase.

4.- Aprobación, se procede, das prazas de profesorado.

Tras a elaboración do POD, e como se informa no punto anterior, e preciso a saída a concurso das seguintes prazas:

Praza axudante doutor.

Producción publicitaria impresa, publicidade artes gráficas e tipografía.

P04-G190906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	1SG	15	10	0	0
P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	0	30	0	0
P04-G190505	Producción publicitaria impresa	OB	1SG				
						TOTAL:	55

						Capacidade restante:	5
--	--	--	--	--	--	-----------------------------	----------

Praza de asociado

Dirección de fotografía

P04-G071205	Dirección de fotografía	OB	1SG	15	90	0	0
P04-G071108	Comunicación: tecnoloxía dos medios audiovisuais	FB	2SG	0	15	0	0
						TOTAL:	120
						Capacidade restante:	0

Praza de lista de agarda (1)

P04-G190404	Redacción e locución publicitaria	OB	1SG	10	40	20	0
P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	30	0	40	0
P04-G190906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	1SG	0	10	20	0
						TOTAL:	170
						Capacidade restante:	10

Praza de lista de agarda (2)

P04-G190106 (publicidade)	Comunicación: teoría e técnica da imaxe	FB	1SG	0	40	40	0
				0	0	0	0

						TOTAL:	80

Algúns docentes manifestan a súa dispoñibilidade para participar nas CEAS das dúas prazas a concurso, pero como é necesario aprobar as CEAS completas, deixase pendente ata un próximo Consello de Departamento.

5.- Rolda de intervencións

Non se producen roldas de intervencións.

Sen nada máis que tratar, Péchase a sesión as 14:22

Pontevedra 26 abril de 2021

O director



A secretaria